

## CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A ENTIDADE CELGENE, SL UNIPERSONAL, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizaron coa entidade CELGENE, SL UNIPERSONAL o instrumento convencional arriba referido que surtirá efectos desde a data da súa firma o 02.03.2017 e a súa vixencia será de tres anos, podendo ser prorrogado de maneira expresa por períodos iguais mediante addenda ao Convenio Marco formulada antes do fin da súa vixencia o calquera das súas prórrogas respectando os límites contemplados na letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir o marco de colaboración entre as partes asinantes para propiciar a realización de actividades de formación, investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico, para a consecución de resultados en saúde que repercutan positivamente no tratamento dalgunhas das principais enfermidades que afecten á cidadanía de Galicia e sempre, en todo caso, axustándose ao establecido na lexislación vixente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

A firma do convenio marco non supón ningún gasto para o Servizo Galego de Saúde, nin para a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Que o artigo 94 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, contempla entre as funcións do Servizo Galego de Saúde, baixo a supervisión e control da Consellería de Sanidade, a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde, no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais, así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e de mellora de xestión.

Que a estratexia SERGAS 2020 define os obxectivos estratéxicos e liñas de acción do Servizo Galego de Saúde para os próximos anos, cos que se pretende conseguir a transformación do sistema de saúde e consolidar un modelo de atención innovadora centrada no cidadán, asegurando a continuidade dos coidados, seguridade, eficacia e implicación dos profesionais.

Que, como parte da dita estratexia, o Servizo Galego de Saúde está interesado en establecer relacións de colaboración cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos principais fines da investigación científica, cal é a innovación e modernización do sistema produtivo.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde está adscrita á consellería competente en materia de sanidade a través do Servizo Galego de Saúde tendo entre os seus obxectivos estratéxicos a docencia, a formación e a investigación na administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria de conformidade coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Que CELGENE, SLU é unha empresa biofarmacéutica involucrada na investigación, desenvolvemento e distribución de medicamentos para o tratamento de cancro e enfermidades do sistema inmunolóxico que ten como principal obxectivo cambiar o curso da sanidade mediante innovadoras investigacións científicas e terapias que melloren a calidade de vida dos pacientes.

A dita entidade, en cumprimento do seu compromiso coa investigación en saúde, desexa contribuír ao desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación en Galicia.

A subscrición do presente Convenio Marco abre a posibilidade de establecer un ámbito estable de colaboración entre as partes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de marzo de 2017.